

## CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NO CONCELLO DE CAMARIÑAS. Ano 2013


Este estudo elaborábase en base ós datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ó paro rexistrado como ás contratacións realizadas no concello.

O desemprego rexistrado no concello de Camariñas no ano 2013 foi do **0.59 % do desemprego rexistrado na provincia**, porcentaxe algo inferior ó acadado no ano 2012 que foi do 0.60 %. Continúa a tendencia decrecente xa que no 2011 este porcentaxe era do 0.68 %. Isto amosa que **o desemprego na provincia creceu algo máis aceleradamente que no concello nos tres últimos anos**.

Se comparamos o desemprego do concello co resto da comarca vemos que, en decembro de 2013, Vimianzo conta cun 39.93 % (40.76 % no 2012) dos inscritos na comarca, Camariñas cun 34.26 % (33.67 % no 2012) e Zas cun 25.81 % (25.57 % no 2012). Este ano cómpre destacar que aumentou o porcentaxe de desempregados nos concellos de Camariñas (0.59 %) e de Zas (0.24 %) mentres que descendeu no de Vimianzo (-0.83 %). No ano anterior aumentara o porcentaxe nos concellos de Vimianzo e Zas para e descendeu no de Camariñas.

### O desemprego no concello segundo a idade e o sexo

O paro do concello ó longo do ano 2013 segue a mesma tendencia tanto en homes como en mulleres. Diminúe o número de persoas desempregadas no segundo e terceiro trimestre para aumentar de novo no derradeiro trimestre do ano en ambos sexos.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 55.32 % (54.23% no 2012 e 54.66 % no 2011) fronte ó 44.68 % (45.77 % no 2012 e (45.34 % no 2011) de desemprego

masculino, producíndose a máxima diferenza porcentual no terceiro trimestre do ano ó igual que no ano 2012. Cómpre destacar que o desemprego feminino aumentou un 1.09 % en relación co desemprego masculino con respecto ós datos do ano anterior. En números absolutos observamos un aumento no número de desempregadas xa que a media trimestral no 2013 foi de 355 mulleres, mentres que no 2012 foi de 349 paradas. Os homes desempregados presentan unha media trimestral de 287 homes, algo inferior ós 295 do ano 2012. Observamos, polo tanto, que aumentou a media de persoas desempregadas entre as mulleres (+6) e diminuíu no caso dos homes (-8) respecto do ano anterior.


**Cadro nº1: DESEMPREGADOS POR SEXO**

2013	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
<b>Primeiro</b>	349	429	<b>778</b>	<b>114739</b>
<b>Segundo</b>	290	341	<b>631</b>	<b>108603</b>
<b>Terceiro</b>	235	331	<b>566</b>	<b>103824</b>
<b>Cuarto</b>	273	319	<b>592</b>	<b>105585</b>

**Cadro nº 2: DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE**

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
<b>PRIMEIRO</b>	75	164	201	192	146	<b>778</b>
<b>SEGUNDO</b>	71	126	159	144	131	<b>631</b>
<b>TERCEIRO</b>	60	111	134	131	130	<b>566</b>
<b>CUARTO</b>	56	117	142	155	122	<b>592</b>

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos que os maiores porcentaxes de desempregados se sitúan nos grupos de entre 25 - 44 anos cunha media do 44.95 % (46.97 % no 2012 e os maiores de 45 anos cun porcentaxe do 44.84 % (42.55 % no 2012) de media do paro rexistrado. Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 10.21 % (10.48 % no 2012) do desemprego no concello. Comparando os datos coas medias do ano anterior vemos que diminúe o porcentaxe de desempregados nas franxas máis novas para aumentar entre as persoas desempregadas de máis de 45 anos, continuando a tendencia que xa observamos no 2012.




**Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE**

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
<b>PRIMEIRO</b>	33	79	121	118	78	<b>429</b>
<b>SEGUNDO</b>	30	67	97	82	65	<b>341</b>
<b>TERCEIRO</b>	28	67	92	78	66	<b>331</b>
<b>CUARTO</b>	22	65	88	84	60	<b>319</b>

**Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE**


	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
<b>PRIMEIRO</b>	42	85	80	74	68	<b>349</b>
<b>SEGUNDO</b>	41	59	62	62	66	<b>290</b>
<b>TERCEIRO</b>	32	44	42	53	64	<b>235</b>
<b>CUARTO</b>	34	52	54	71	62	<b>273</b>



O **paro feminino** caracterízase por ser **superior ó paro masculino** en tódolos grupos de idade **agás** entre os **menores de 25 anos**, grupo no que os homes desempregados superan ás mulleres. As menores diferenzas por idades

obsérvanse entre as persoas desempregadas menores de 25 anos e o grupo de maiores de 55. No grupo de menores de 25 anos hai nove homes desempregados máis de media, mentres que entre os maiores de 55 anos temos unha diferenza de dúas persoas, sendo neste caso inferior o número de homes desempregados. A franxa na que se sitúan a maioría das mulleres desempregadas sería no grupo de 35 - 44 anos.

Os maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse no grupo de 45 - 54 anos e entre os de maiores de 55, ambos con 65 desempregados de media. O ano pasado estes porcentaxes correspondían ós grupos de 25 - 34 anos seguido do grupo de 35 - 44 anos polo que observamos un



cambio de tendencia. Os períodos de descenso do paro afectan especialmente ós grupos de 25 - 34 anos e de 35 – 44 anos.



## O nivel de instrución e desemprego

O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 62.84 % (64.71% no 2012) de persoas desempregadas que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria . Un 22.91 % (24.50 % no 2012) só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 2.38 % (1.36 % no 2012) de demandantes de emprego posúen titulación universitaria.

**Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCIÓN**

	PRIMEIRO		SEGUNDO		TERCEIRO		CUARTO	
	H	M	H	M	H	M	H	M
UNIVERSITARIOS	5	9	2	13	4	17	2	9
BUP/BACHARELATO SUPERIOR/COU	5	10	5	9	3	8	5	7
FORMACIÓN PROFESIONAL	21	48	25	42	20	35	25	37
ENSINANZA OBRIGATORIA	69	100	59	87	43	90	55	85
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	249	262	199	190	165	181	186	181
<b>TOTAL</b>	<b>349</b>	<b>429</b>	<b>290</b>	<b>341</b>	<b>235</b>	<b>331</b>	<b>273</b>	<b>319</b>

\* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.





## O desemprego por sectores económicos


Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
SECTOR PRIMARIO	44	78	122	24	37	61	20	32	52	19	29	48
SECTOR SECUNDARIO	40	24	64	31	24	55	34	17	51	35	21	56
SECTOR CONSTRUCCIÓN	32	135	167	8	120	128	8	93	101	8	116	124
SECTOR SERVICIOS	266	99	365	233	93	326	230	77	307	216	90	306
SEN EMPREGO ANTERIOR	47	13	60	45	16	61	39	16	55	41	17	58
CON EMPREGO ANTERIOR	382	336	718	296	274	570	292	219	511	278	256	534
<b>Total</b>	<b>429</b>	<b>349</b>	<b>778</b>	<b>341</b>	<b>290</b>	<b>631</b>	<b>331</b>	<b>235</b>	<b>566</b>	<b>319</b>	<b>273</b>	<b>592</b>

Máis do 90 % dos desempregados do concello de Camariñas son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 10 % é demandante de primeiro emprego. Con respecto ó ano 2012, no 2013 temos os mesmos porcentaxes entre as persoas demandantes de primeiro emprego e as que xa traballaron con anterioridade. Se analizamos os datos tendo en conta a variable sexo, observamos que o porcentaxe de mulleres desempregadas en busca de primeiro emprego é sensiblemente superior ó porcentaxe de homes nesta situación.




A maior cantidade de persoas desempregadas dáse no sector servizos e na construción. Atendendo á evolución por trimestres observamos practicamente a mesma tendencia en tódolos sectores, diminúe o número de persoas desempregadas no segundo e terceiro trimestre do ano nos catro principais sectores de actividade. No derradeiro trimestre do ano aumenta o número de desempregados respecto do trimestre anterior en tódolos sectores agás en servizos, aínda que neste sector o descenso no número de persoas desempregadas non é significativo xa que só hai unha persoa de diferenza.



Se temos en conta a variable sexo, o comportamento do desemprego nos distintos sectores varía considerablemente. En canto ós homes, o maior número de desempregados atopámolo no sector da construción, seguido do sector servizos, a continuación situaríase o sector primario e, para finalizar o secundario.


Se avaliamos os datos da mulleres o maior número de desempregadas atopámolo no sector servizos, seguido a bastante distancia do sector secundario e primario. O número de mulleres desempregadas no sector da construción é moi baixo, isto débese ó feito de que as mulleres non soen demandar traballo neste sector nin o sector demanda mulleres.



## A contratación no concello por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
SECTOR PRIMARIO	4	96	100	10	114	124	7	46	53	8	53	61
SECTOR SECUNDARIO	19	3	22	25	6	31	4	11	15	29	5	34
SECTOR CONSTRUCCIÓN	0	9	9	4	12	16	0	6	6	1	13	14
SECTOR SERVICIOS	78	14	92	67	30	97	87	56	143	35	14	49
<b>TOTAL</b>	<b>101</b>	<b>122</b>	<b>223</b>	<b>106</b>	<b>162</b>	<b>268</b>	<b>98</b>	<b>119</b>	<b>217</b>	<b>73</b>	<b>85</b>	<b>158</b>




No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que a contratación aumenta no segundo trimestre en tódolos sectores. No terceiro trimestre (época de verán) aumenta a contratación con respecto ó trimestre anterior só no sector

servizos, mentres que nos tres restantes sectores temos unha diminución no número de contratos rexistrados, especialmente significativo no sector primario (-71). No cuarto trimestre prodúcese un aumento nas contratacións dos sectores primario, secundario e construción e un descenso moi significativo no sector servizos (-94).

Na contratación que se efectúa no concello destaca o seu carácter maioritariamente masculino (58.37 %). Este ano observamos a tendencia contraria do 2012 no que eran as mulleres as que asinaban o maior número de contratos (51.11%) e vólvese á tendencia do ano 2011 e anteriores nos que eran os homes os máis contratados. Os sectores máis masculinizados son o sector primario e a construción. O maior porcentaxe de contratos no caso das mulleres con respecto ós homes dáse no sector servizos e no sector secundario.


Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que durante o 2013 os homes se incorporan ó mercado de traballo en maior número que as mulleres nos catro trimestres do ano. No 2012 esta incorporación producíase no segundo e terceiro trimestre. A maior diferenza nas contratacións masculinas obsérvase no segundo trimestre do ano, ó igual que no 2012. A menor diferenza no número de contratacións entre homes e mulleres prodúcese no derradeiro trimestre do ano.

## Evolución da contratación




No primeiro trimestre o máis significativo é o alto número de contratos masculinos no sector primario. No caso das mulleres acádanse máis contratacións no sector secundario e, especialmente no sector servizos.






Neste segundo trimestre é cando se producen o maior número de contratacións de todo o ano en ambos sexos. Aumentan as contratacións masculinas nos catro sectores de actividade mentres que no caso das mulleres diminúen no sector servizos e aumentan nos sectores primario, secundario e construción. É neste trimestre do ano no que se observa unha maior diferenza entre o número de contratos masculinos e femininos a favor dos homes.



Como se pode observar, neste terceiro trimestre (época de verán) ráchase a tendencia dos trimestres anteriores nos que o sector no que se producían o maior número de contratacións era o primario para pasar a ser o sector servizos no que se rexistran máis contratos. Aínda que este sector segue a estar feminizado temos unha diminución porcentual no peso das mulleres con respecto dos homes. Ó igual que no primeiro trimestre non se rexistra ningún contrato feminino no sector da construción.



O cuarto trimestre é no que se realizan o menor número de contratacións en todo o ano en ambos sexos. É neste trimestre no que se observa a menor diferenza no número de contratacións entre homes e mulleres aínda que seguen a ser mellores os datos de contratacións masculinas. Prodúcese unha baixada moi significativa nos datos de contratacións no sector servizos mentres que aumentan con respecto ó trimestre anterior nos tres restantes sectores, realizándose no sector secundario o maior número de contratacións en todo o ano.

### **As ocupacións máis contratadas e demandadas.**

Para esta análise collemos as 10 ocupacións nas que se realizan máis contratacións cada mes por sexo e agrupámolas por trimestres. Dentro de cada trimestre desbotamos as ocupacións nas que non se asinan como mínimo dous contratos.

**Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. MULLERES**

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	46	10		25
CAMAREIROS ASALARIADOS	16	25	24	7
MODELOS DE MODA, ARTE E PUBLICIDADE	12			
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	7	11	10	12
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS SEN TAREFAS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	3		2	
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES	3	5		3
EMPREGADOS DOMÉSTICOS	2			
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE		20		
PERSONAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES		7		
VENDEDORES A DOMICILIO		4		
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES		3		3
PEÓNS DA PESCA		3		3
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO		3	11	
COCIÑEIROS ASALARIADOS		3		
OUTRO PERSONAL DE LIMPEZA			10	
AXUDANTES DE COCIÑA			5	
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO			4	
PESCADORES DE ALTURA			3	
EMPREGADOS DE OFICINA DE SERVIZOS ESTATÍSTICOS, FINANCEIROS E BANCARIOS			3	
TÉCNICOS EN EDUCACIÓN INFANTIL			2	
GUIAS DE TURISMO			2	
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES			2	
OPERADORES DE MÁQUINAS PARA ELABORAR PRODUTOS ALIMENTARIOS, BEBIDAS E TABACO				3
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS				4

No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas (24) (21 no 2012) atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: peóns das industrias manufactureiras; camareiros asalariados; vendedores en tendas e almacéns; pescadores de augas costeiras e augas doces. Estas ocupacións constitúen o 16.67 % das ocupacións analizadas (28.57 % no 2012).
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: modelos de moda, arte e publicidade; empregados domésticos; traballadores das industrias do peixe; persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; vendedores a domicilio; cocinheiros asalariados; outro persoal de limpeza;

axudantes de cociña; monitores de actividades recreativas e de entretemento; pescadores de altura; empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios; técnicos e educación infantil; guías de turismo; compositores, músicos e cantantes; operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco; peóns de obras públicas.

3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: empregados administrativos sen tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; empregados administrativos con tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; peóns da pesca; traballadores dos coidados persoais a domicilio.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre as mulleres chámamos a atención dous epígrafes, modelos de moda, arte e publicidade; e pescadores de altura.

No primeiro caso salientamos a ocupación de modelos de moda, arte e publicidade porque se trata dunha ocupación moi pouco común no concello xa que nos últimos dez anos nunca tiveramos esta ocupación entre as dez máis contratadas en ningún trimestre. Buscando a orixe destes datos observamos que as contratacións se producen todas no mes de marzo e atopamos unha explicación clara no feito de que se trata das modelos que desfilaron na Mostra de Encaixe de Camariñas polo que estamos ante unha contratación moi puntual e de duración moi determinada.

Respecto da ocupación de pescadores de altura consideramos que esta non é unha das ocupacións máis contratadas no concello no ámbito feminino (si no caso dos homes), as contratacións pesqueiras no caso das mulleres prodúcense máis ben na pesca de augas costeiras ou no marisqueo polo que pensamos que podemos estar ante un erro de codificación.

**Cadro nº 9: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. HOMES**

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PESCADORES DE ALTURA	72	52	21	14
PEÓNS DA PESCA	10	17	7	6
ALBANEIS	8	6	5	4
MARIÑEIRO DE PONTE, MARIÑEIRO DE MÁQUINAS E AFÍNS	7			10
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES	6	39	13	19
RECOLLEDORES DE RESIDUOS	4			
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	3			
VIXILANTES DE SEGURIDADE E SIMILARES HABILITADOS PARA IR ARMADOS	2			
CAMAREIROS ASALARIADOS		9	13	2
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES		8	4	2
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN		5		
PEÓNS AGROPECUARIOS		3		
EMPREGADOS DE OFICINA DE SERVIZOS DE APOIO Á PRODUCCIÓN		3		
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE		3		2
MECÁNICOS E REPARADORES DE EQUIPOS ELÉCTRICOS		3		
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA			17	
PEÓNS FORESTAIS E DA CAZA			4	
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO			3	
FERREIROS E FORXADORES			2	
CARPINTEIROS (AGÁS EBANISTAS)			2	
MECÁNICOS E AXUSTADORES DE VEHÍCULOS DE MOTOR			2	
OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA FIXAS NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES			2	
BAÑISTAS - SOCORRISTAS			2	
PANADEIROS, PASTELEIROS E CONFITEIROS			2	
OPERADORES EN INSTALACIÓNS PARA A PREPARACIÓN DE MINERAIS E ROCHAS			2	
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS				3
ELECTRICISTAS DA CONSTRUCCIÓN E AFÍNS				3
TRABALLADORES CUALIFICADOS NA ACUICULTURA				2
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS				2

En canto ós homes, nas ocupacións máis contratadas (29) (24 no 2012) atopamos 3 grupos pero só coinciden dez ocupacións coas máis contratadas entre as mulleres polo que apreciamos claramente a segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: pescadores de altura; peóns da pesca; albaneis; pescadores de augas costeiras e augas doces; camareiros asalariados; compositores, músicos e cantantes. Estas ocupacións constitúen o 20.69 % (20.83 % no 2012) das ocupacións analizadas.

2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: recolletores de residuos; persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; vixilantes de seguridade e similares habilitados para ir armados; condutores asalariados de camiós; peóns agropecuarios; empregados de oficina de servizos de apoio á produción; mecánicos e reparadores de equipos eléctricos; outro persoal de limpeza; peóns forestais e da caza; monitores de actividades recreativas e de entretemento; ferreiros e forxadores; carpinteiros (agás ebanistas); mecánicos e axustadores de vehículos de motor; operadores de instalacións e maquinaria fixas non clasificados baixo outras epígrafes; bañistas -socorristas; panadeiros, pasteiros e confiteiros; operadores en instalacións para a preparación de minerais e rochas; peóns da construción de edificios; electricistas da construción e afíns; traballadores cualificados na acuicultura; peóns de obras públicas.
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; traballadores das industrias do peixe.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre os homes, destacar que a epígrafe outro persoal de limpeza faría referencia ás contratacións dos meses de verán do concello para a limpeza de praias, cunetas, rúas... e traballos similares.

Á vista dos anteriores resultados podemos concluír que as ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ó longo do ano. Neste 2013 algunhas das ocupacións máis contratadas producen cifras bastante baixas de contratos, dato explicable polo nivel de contratación xeral municipal nun ano marcado principalmente pola crise económica a nivel mundial.

Entre as 10 ocupacións nas que se produce un maior número de contratos en cada trimestre, que ó final do ano da lugar a 24 ocupacións no caso das mulleres e 29 no caso dos homes, só coinciden homes e mulleres en dez, o que reflicte a segregación horizontal por sexos xa apuntada. Estas ocupacións serían: camareiros asalariados; pescadores de augas costeiras e augas doces; traballadores das industrias do peixe; persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; peóns da pesca; outro persoal de limpeza; monitores de actividades recreativas e de



entretemento; pescadores de altura; compositores, músicos e cantantes; peóns de obras públicas.

**Cadro nº 10: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.**

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
<b>Persoal de limpeza ou limpador, en xeral</b>	227	191	191	182
<b>Mozos de recollida de lixos - vertedoiros</b>	151	138	130	128
<b>Peóns de obras públicas, en xeral</b>	130	115	108	111
<b>Peóns forestais</b>	97	83	77	80
<b>Dependentes de comercio, en xeral</b>	87	77	82	84
<b>Asistentes domiciliarios</b>	67	59	57	53
<b>Repoñedores de hipermercado</b>	46	44	42	37
<b>Caixeiros de comercio</b>	45	44	43	42
<b>Pinches de cociña</b>	43	37	44	47
<b>Camareiros, en xeral</b>	34		35	
<b>Empregados administrativos, en xeral</b>	34	34		
<b>Limpadores – preparadores de peixe para conservas</b>	34	28		31
<b>Camareiros de pisos (hostalería)</b>				31

**Cadro nº 11: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.**


	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
<b>Peóns de obras públicas, en xeral</b>	143	143	112	143
<b>Albans</b>	99	81	61	91
<b>Mozos de recollida de lixos - vertedoiros</b>	93	108	78	93
<b>Peóns forestais</b>	85	86	71	97
<b>Peóns da construción de edificios</b>	80	75	55	70
<b>Mariñeiros de buque de pesca</b>	71	38	33	27
<b>Persoal de limpeza ou limpador, en xeral</b>	44	39	36	36
<b>Encofradores</b>	40	38	29	36
<b>Condutores de furgonetas, ata 3.5 T</b>	37	35	26	34
<b>Condutores de camións, en xeral</b>	30	27		20
<b>Mozos de carga e descarga, almacén e/ou Mercado de abastos</b>		26	17	
<b>Traballadores de retén de incendios forestais</b>			17	
<b>Carpinteiros, en xeral</b>			17	21





**Cadro nº 12: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NO CONCELLO**

	CONTRATOS			DEMANDAS		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	81		81			
SERVIZOS A PERSOAS DEPENDENTES	16		16	59		59
OCUPAC. RELACIONADAS CO COMERCIO	44		44	168	11	179
OCUPAC. RELACIONADAS COA RESTAURACIÓN	80	24	104	60		60
OCUPAC. RELACIONADAS COA LIMPEZA	19	20	39	205	39	244
OCUPACIÓNS AGROFORESTAIS		7	7	84	89	173
TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS		7	7		52	52
OCUPAC. DE TIPO ADMINISTRATIVO	14	3	17	17		17
OCUPACIÓNS AGROALIMENTARIAS	23	7	30	23		23
MANTEMENTO VÍAS, LIMPEZA PRAIAS E CONDUTORES DE MAQUINARIA DE TERRAS	4	6	10	253	228	481
OCIO E TEMPO DE LECER	6	17	23			
OCUPAC. RELACIONADAS COA PESCA E ACUICULTURA	20	295	315		42	42
CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		28	28		189	189
PROTECCION E SEGURIDADE		2	2			
OUTRAS OCUPAC. DA CONSTRUCCIÓN RELACIONADAS CO ACABADO DE EDIFICIOS		5	5		9	9
OCUPAC. RELACIONADAS CO TURISMO	2		2			
OCUPAC. RELACIONADAS CO MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS		5	5			
SERVIZOS PROFESIONAIS	12	2	14			
OCUPAC. RELACIONADAS COA PEDRA E A CANTERÍA		2	2			



Para poder comparar mellor as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupámolas por CNO (código nacional de ocupación) similares, dentro do mesmo sector cos seguintes criterios:

- Peóns das industrias manufactureiras: Non se agrupa con ningunha outra ocupación porque falta información sobre o sector concreto de ocupación e podería ser tanto do sector téxtil como do conserveiro, entre outros.
- Servizos a persoas dependentes:; traballadores dos coidados persoais a domicilio; técnicos en educación infantil; asistentes domiciliarios.
- Ocupacións relacionadas co comercio: vendedores en tendas e almacéns; vendedores a domicilio; dependentes de comercio, en xeral; repoñedores de hipermercado; caixeiros de comercio; mozos de carga e descarga, almacén e / ou mercado de abastos.
- Ocupacións relacionadas coa restauración: camareiros asalariados; cociñeiros asalariados; axudantes de cociña; pinches de cociña; camareiros, en xeral.
- Ocupacións relacionadas coa limpeza: empregados domésticos; persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; outro persoal de limpeza; persoal de limpeza ou limpador, en xeral, camareiros de pisos (hostalería).
- Ocupacións agroforestais: peóns agropecuarios; peóns forestais e da caza; peóns forestais; traballadores de retén de incendios forestais.
- Transporte e mantemento de vehículos: condutores asalariados de camións; mecánicos e axustadores de vehículos de motor; condutores de furgonetas ata 3.5 T; condutores de camións, en xeral.
- Ocupacións de tipo administrativo: empregados administrativos sen tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes; empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios; empregados de oficina de servizos de apoio á produción; empregados administrativos, en xeral.
- Ocupacións agroalimentarias: traballadores das industrias do peixe; operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco; panadeiros, pasteiros e confiteiros; limpadores - preparadores de peixe para

conservas.

- Mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras: peóns de obras públicas; recolledores de residuos; mozos de recollida de lixos – vertedoiros.
- Ocio e tempo de lecer: monitores de actividades recreativas e de entretemento; compositores, músicos e cantantes.
- Ocupacións relacionadas coa pesca e acuicultura: pescadores de augas costeiras e augas doces; peóns da pesca; pescadores de altura; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns: traballadores cualificados na acuicultura; mariñeiros de buque de pesca.
- Construción de edificios: albaneis; ferreiros e forxadores; peóns da construción de edificios; encofradores.
- Protección e seguridade: vixilantes de seguridade e similares habilitados para ir armados.
- Outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios: carpinteiros (agás ebanistas); electricistas da construción e afíns; carpinteiros, en xeral.
- Ocupacións relacionadas co turismo: guías de turismo.
- Ocupacións relacionadas co mantemento de instalacións industriais: mecánicos e reparadores de equipos eléctricos; operadores de instalacións e maquinaria fixas non clasificados baixo outras epígrafes.
- Servizos profesionais: modelos de moda, arte e publicidade; bañistas - socorristas.
- Ocupacións relacionadas coa pedra e cantería: operadores e instalacións para a preparación de minerais e rochas.

Co fin de realizar a comparación dos datos numéricos cómpre indicar que collemos os datos das 10 ocupacións máis demandadas e as 10 máis contratadas en cada trimestre no ámbito masculino e no ámbito feminino. O número de contratos que aparecen no cadro 12 está realizado a partir do sumatorio das táboas de contratación. En canto ás demandas calculamos a media trimestral que correspondería a cada ocupación e sumamos as ditas medias segundo os nosos grupos sectoriais.

Se realizamos a comparación entre as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO segundo os criterios anteriormente sinalados, podemos concluí-lo seguinte:

- 1.- Na gran maioría das ocupacións estudadas atopamos un número de demandas superior ó número de contratacións. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda que na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.
- 2.- Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con 7 das estudadas: peóns das industrias manufactureiras; ocio e tempo de lecer; protección e seguridade; ocupacións relacionadas co turismo; ocupacións relacionadas co mantemento de instalacións industriais; servizos profesionais; ocupacións relacionadas coa pedra e cantería. Isto indicaría que este tipo de contratacións non se están a facer a través do SPEG.
- 3.- No caso das ocupacións relacionadas coa restauración; ocupacións agroalimentarias; ocupacións relacionadas coa pesca e acuicultura; aínda que aparecen entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes.
- 4.- Este ano non temos ningunha ocupación entre as máis demandadas que non aparece entre as máis contratadas o que podería apuntar a unha mellor adecuación entre oferta e demanda e á mellor orientación e intermediación laboral no territorio se esta tendencia se confirma en próximos anos.

Cómpre salientar que as ocupacións mozos de recollida de lixos – vertedoiros e peóns de obras públicas, en xeral son dúas das ocupacións máis demandadas en ambos sexos porque son códigos que os concellos utilizan para as súas ofertas de limpeza de praias, rúas e mantemento de vías e obras polo que as persoas demandantes desta ocupación solicitan este traballo aínda que despois non aparece reflectido nos contratos porque se especifican ocupacións como persoal de limpeza de praias, operario de servizos múltiples,...

Tanto as contratacións como as demandas se caracterizaban por reflectir a segregación horizontal por sexo en sectores e ocupacións, aínda que está a aumentar o número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas. Así destacamos as

ocupacións de mantemento de vías e limpeza de praias e as ocupacións forestais. Cómpre salientar que esta tendencia da demanda feminina vén favorecida pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías, cuadrillas de extinción de incendios...

Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara a demanda naquelas ocupacións de postos que non se cobren. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ó existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos similares.

Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto. No caso exposto nos concellos da zona poden empregarse ata 4 códigos distintos (peóns das industrias manufactureiras; peón de obras públicas, en xeral; mozos de recollida de lixos – vertedoiros, peóns forestais).

De todo isto concluimos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.